



FALO GALEGO PORQUE QUERO

Letra e música: Maianas

(muiñeira creada en 2025 para o proxecto Modo Galego, actívao!)

RETROUSO

Falo galego, falo galego porque quero.

Falo galego, falo galego porque sei.

**Falo galego, falo galego porque quero,
porque o Modo Galego activei.**

Xa me dixo miña nai, o que tiña que facer
que cantara en galego, que cantara como eu sei,
que cantara como eu sei, que cantara como eu sei,
xa me dixo miña nai, aialelo ailalá.

RETROUSO

Cando toco a pandeireta, teño ganas de cantar,
as ferreñas danme folgos e non paro de bailar
e non paro de bailar, e non paro de bailar,
cando toco a pandeireta, aialelo ailalá.

RETROUSO

Bailarei esta muiñeira, bailarei cos meus amigos.
Activa o Modo Galego, baila ti tamén comigo
baila ti tamén comigo, baila ti tamén comigo.
Bailarei esta muiñeira aialelo ailalá.

RETROUSO